



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PARA A SELECCIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN OFICIAL DE 1ª ALBANEL PARA A SUBSTITUCIÓN DUN TRABALLADOR CONTRATADO AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2018.

DON JESÚS CARREIRA FERREIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE GUNTÍN. PROVINCIA DE LUGO.-

Dadas as Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018 da Exma. Deputación Provincial de Lugo que contempla entre as súas liñas de axudas a destinada á execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do Programa de Fomento de Emprego 2018 Dado que o Concello de Guntín en virtude do citado convenio, ten aprobada unha achega de 47.000,00 € destinada a financiar os custos laborais derivados da contratación de traballadores cos que reforzar as prestacións públicas municipais e que no proxecto presentado á Deputación se recolle a necesidade de realizar a contratación temporal un/unha oficial de 1ª albanel.

O Concello de Guntín, despois dun proceso selectivo e publicado na web da Deputación de Lugo dende o día 22/01/2019 ata o día 28/01/2019 contratou a unha persoa para o posto con data de inicio do contrato 13/02/2019 e fin 30/09/2019.

Dita persoa deuse de baixa e dado a data límite da contratación 30-09-2019 e a subvención concedida e polo que é urxente contratar a un substituto. **As bases serán as mesmas do proceso selectivo anteriormente mencionado salvo no tocante a duración do contrato e a presentación de solicitudes e prazo (BASE CUARTA)**

Visto o art. 21.1 g) da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

RESOLVO:

1º.- Prestar aprobación ás bases MODIFICADAS para a contratación laboral temporal para substituír a un/unha oficial de 1ª albanel, baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada: obra ou servizo, a xornada completa (100%), sendo a data límite de execución o 30 de setembro de 2019, ao abeiro do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación de Lugo e o concello de Guntín, para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do “Programa de Fomento de Emprego 2018”.

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, UN/UNHA OFICIAL DE 1ª ALBANEL, A XORNADA COMPLETA (100%)

PRIMEIRA.- DESCRIPCIÓN DO POSTO, REQUISITOS E FUNCIÓNS

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es



CONCELLO DE GUNTIN DE PALLARES (LUGO)

Categoría laboral	- 1 Oficial 1ª albanel
Duración do contrato	Dende a resolución do proceso selectivo ata o 30/09/2019
Retribucións	OFICIAL 1ª: Retribución bruta mensual 1.184,22 €/mes.
Funcións	Traballos a desenvolver en relación aos servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, tales como: - Mantemento, limpeza, acondicionamento, desbrozes, conservación, reparación, mellora, supervisión e control de espazos públicos municipais: rúas beirarrúas, camiños, pontes, instalacións deportivas e culturais, colexios públicos, piscinas, centros médicos, punto limpo, traídas de auga, alumeados públicos etc.

SEGUNDA. NORMAS DE APLICACIÓN.

Serán de aplicación o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e no que resulten vixentes, a Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o RD lexislativo 781/1986, de 18 do abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 30/84, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, o RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local, a Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o e o RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración Xeral do Estado.

TERCEIRA.- REQUISITOS XERAIS DOS CANDIDATOS.

- Nacionalidade: Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- Capacidade funcional: Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que aspira. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións que os demais aspirantes.
- Idade: Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es



CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES (LUGO)

- d) **Habilitación:** Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houbera estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) **Titulación:** Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo
- f) **Nivel de galego esixido:** O nivel de coñecemento do idioma galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado é CELGA 1 ou se carece de acreditación a persoa aspirante someterase obrigatoriamente a proba de coñecemento do idioma galego
- g) **Será requisito específico o seguinte:** estar desempregado/a ou estar en situación de mellora de emprego, sempre que a xornada de traballo do aspirante en situación de mellora de emprego sexa igual ou inferior ó 50% da xornada.
- h) **Estar en posesión do permiso de condución B.**

Todos os requisitos anteriores deberán cumprirse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Presentación: As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ó modelo que figura no anexo I da presente convocatoria, dirixido ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Guntín, de luns a venres en horario de 09:00 a 15:00 horas, dada a urxencia da contratación

Prazo: O prazo de presentación de instancias será de tres días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do extracto das Bases no Diario O Progreso de Lugo.

Publicidade: As bases serán publicadas na páxina web municipal (www.guntin.es), no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web da Excma. Deputación Provincial de Lugo. O resto dos actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello www.guntin.es

Documentación a presentar coa solicitude: Á instancia unirase inescusablemente orixinal ou copia compulsada:

- a) Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do RD

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es



CONCELLO DE GUNTIN DE PALLARES (LUGO)

Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

- b) Acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Esta acreditación presentarase no suposto de que a persoa aspirante solicite a adaptación de probas na solicitude de participación. Ante a petición efectuada o Tribunal resolverá a conveniencia ou non de admitir a adaptación, tendo en conta o sinalado na Orde 1822/2006, de 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e a proba a realizar

- c) Estar desempleado/a ou estar en situación de mellora de emprego, sempre que a xornada de traballo do aspirante en situación de mellora de emprego sexa igual ou inferior ó 50% da xornada.

Este requisito debe acreditarse aportando a tarxeta de demandante de emprego e a vida laboral actualizada a data de inicio de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da sinatura do contrato.

- d) Permiso de condución B.

- e) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego. No suposto de carecer desta acreditación, a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.

c) fotocopia compulsada de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.

Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquera intre, de oficio ou a petición do interesado.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 deste base para a presentación de solicitudes, transcorrido co cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

QUINTA.- ADMISIÓN DE CANDIDATOS.

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde-Presidente do Concello ditará resolución, aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do concello: www.guntin.es

2.- Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun **prazo de 2 días hábiles** contados a partires do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web, para subsanar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relación de admitidos e excluídos. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva. No caso de que fosen admitidos todos os aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos,

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es



CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES (LUGO)

sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

3.- Na mesma resolución na que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos se sinalará a composición do tribunal cualificador, a data e hora na que se constituirá o tribunal para valorar os méritos dos aspirantes admitidos e a realización das probas.

SEXTA- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Composición. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplente, podendo actuar indistintamente, tendo todos eles voz e voto.

Presidente/a: Persoal funcionario ou laboral fixo.

Vogais: Tres persoas funcionarias ou laborais fixas, técnicas ou expertas.

Secretario/a: Persoal con habilitación con carácter nacional ou persoal funcionario que o/a substitúa.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual.

Os membros do Tribunal deberán posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza/posto ou emprego que se convoca.

Nomeamento e publicación. As persoas que integren o Tribunal, así como os asesores e colaboradores serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da Entidade e na súa páxina web.

Incorporación de persoal asesor e de colaboración. O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor ao obxecto de oír a súa opinión especializada, así como de persoal colaborador para o apoio durante o desenvolvemento do sistema selectivo.

Abstención e recusación. Os membros do Tribunal, e se é o caso o persoal asesor, absteranse de intervir, comunicándollo á Alcaldía, cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da vixente Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada Lei.

Actuacións do Tribunal. O Tribunal non actuará cun quorum de asistencia inferior a tres membros, sendo sempre necesaria a asistencia dos compoñentes

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es



CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES (LUGO)

que exerzan as funcións da Presidencia e da Secretaria; non obstante, ante a ausencia dos titulares e/ou suplentes da Presidencia e/ou da Secretaria, poderán actuar como tales os membros asistentes, titulares e/ou suplentes, das distintas vocalías. As devanditas substitucións realizaranse utilizando a orde empregada na resolución de nomeamento dos correspondentes membros para exercer as funcións de vocais.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas interpretativas que xurdan para aplicación das normas contidas nas Bases Xerais e Específicas estando igualmente facultado para resolver as cuestións que se susciten durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

O Tribunal, en caso de necesidade, poderá solicitar á Alcaldía a incorporación de asesores ou colaboradores, cando os nomeados non foran suficientes ou non se nomearan previamente.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas para que as probas se corrixan sen coñecer a identidade das persoas aspirantes.

Os acordos do tribunal adoptaranse conforme ao estipulado para a actuación dos órganos colexiados na vixente Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Pagamento de asistencias e indemnizacións. Os membros do Tribunal, así como os asesores e colaboradores terán dereito pola súa concorrencia ás sesións ao pagamento de asistencias, gastos de desprazamentos e de manutención, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

SÉTIMA. CITACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E ÁS PERSOAS ASPIRANTES PARA A LEVAR A CABO O PROCESO SELECTIVO.

A citación ao Tribunal e as persoas aspirantes para a realización da primeira proba e seguintes deberá publicarse no Taboleiro de anuncios e na páxina web, podendo realizar o resto das probas a continuación.

As persoas aspirantes presentaranse ás probas provistas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, podendo ser requiridos en calquera momento polo Tribunal.

OITAVA: PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E AVALIACIÓN DE MÉRITOS.

O sistema de selección será o de concurso-oposición, que contará con dúas fases:

1).- FASE DE OPOSICIÓN (máximo 23 puntos)

1º exercicio: Proba teórica de coñecementos (puntuación máxima 20 puntos)

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es



CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES (LUGO)

Realización dun cuestionario tipo test de 20 preguntas, sobre as funcións a desenvolver (funcións, materiais, ferramentas, maquinaria etc.) e sobre rasgos estruturais do termo municipal (termo municipal, poboación, infraestruturas, distribución xeográfica e parroquial, orografía....).

Número de preguntas do exame: 20

Tempo para a realización da proba: 1 hora.

Criterios de corrección:

- As respostas erróneas restan 0,30 puntos. De forma que:
 - o Cada pregunta acertada equivale a 1 puntos.
 - o Cada pregunta non contestada equivale a 0 puntos.
 - o Cada pregunta fallada resta 0,30 puntos da nota final.

A proba é de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo necesario acadar unha puntuación mínima a de 10 puntos.

2º Exercicio: Proba práctica de forma oral (puntuación máxima 3 puntos).

Esta proba terá como finalidade apreciar os coñecementos previos sobre tarefas, ferramentas etc, e o grao de madurez, grao de formación xeral e técnica e experiencia, en relación coas funcións que se sinalan nas bases da praza/posto/emprego ao que se opta.

Valorarase principalmente a aptitude e actitude para a praza/emprego que se convoca.

A entrevista será obrigatoria, sendo eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non se presenten a súa realización e a puntuación mínima a acadar será de 1,5 puntos.

Coñecemento da lingua galega.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego sinalado na base específica 8 deberán realizar esta proba que consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es



CONCELLO DE GUNTIN DE PALLARES (LUGO)

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto.

2) FASE CONCURSO: Máximo 3 puntos

Baremación específica sobre a persoa candidata:

3 puntos por pertencer a un dos colectivos con dificultades de integración laboral tales como:

- Mulleres
- Menores de 30 anos
- maiores de 45 anos
- persoas con discapacidade
- parados de longa duración (mais de 12 meses)
- persoas vítimas de violencia de xénero

Documentación: Forma de acreditar os méritos alegados de pertenza aos colectivos con dificultades de integración laboral:

- Ser muller - maiores de 45 anos - menor de 30 anos: fotocopia DNI
- Ser vítima de violencia de xénero: resolución xudicial na que se adopta medida cautelar de afastamento da súa parella
- Parados de longa duración: certificación expedida polo Servizo Público de Emprego na que se acredite que é demandante de emprego e o tempo que leva nesta situación.
- Ter minusvalía igual ou superior ao 33%: acreditarase co certificado de recoñecemento do grao de minusvalía/discapacidade emitido pola autoridade competente

No caso de empate nas puntuacións atenderase, en primeiro lugar, a quen obteña maior puntuación na fase de oposición.

NOVENA: RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN

Rematada a cualificación dos aspirantes (a puntuación final do proceso será a resultante de sumar ás puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso) o Tribunal elevará proposta de candidatos para a formalización do correspondente contrato laboral, que en ningún caso poderá exceder do nº de prazas convocadas. Así mesmo, incluírá unha relación de todos os aspirantes coas puntuacións obtidas, que quedará para poder ser utilizada ata o remate do contrato laboral de persoa seleccionada como reserva (sempre respectando a orde da lista), para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal ou calquera outra circunstancia, no posto de traballo convocado.

Os candidatos que teñan maior puntuación serán contratados por un período de 8 meses . No caso de empate nas puntuacións atenderase, en primeiro lugar, a quen obteña maior puntuación na fase de oposición, e si persiste o empate resolverase por sorteo.

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es



CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES (LUGO)

A relación de puntuacións obtidas polos aspirantes será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

DÉCIMA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN:

Os aspirantes propostos presentarán , no prazo de 2 días hábiles os documentos seguintes:

a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión.

b) Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

d) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados

d) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social

e) Número de conta bancaria co código IBAN (24 caracteres) da que sexa titular a persoa seleccionada para o ingreso das correspondentes nóminas.

UNDÉCIMA. RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN

1.- Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, o Sr. Alcalde procederá á designación dos aspirantes seleccionados á formalización dos correspondentes contratos laborais.

2.- Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores.

3.- Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.- Que sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

DUODÉCIMA: PROTECCION DE DATOS:

En cumprimento da obrigaición prevista polo artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos, en diante, Regulamento Europeo de Protección de Datos, informámoslle de que os datos que nos facilita pasarán a formar parte dun rexistro de tratamento xestionado polo seguinte responsable:

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es



CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES (LUGO)

1.- DATOS DO RESPONSABLE

Identidade do responsable do tratamento:

CONCELLO DE GUNTÍN, provisto de CIF P2702300A

Domicilio en Crta/ General nº 12 - 27211-Guntín, Lugo

Teléfono: [982 32 00 01](tel:982320001)

Correo electrónico: concellodeguntin@gmail.com

2.- DATOS OBXECTO DE TRATAMENTO

Os datos obxecto de tratamento son os seguintes:

- Nome e apelidos, NIF, domicilio, teléfono e enderezo electrónico
- Datos académicos
- Datos profesionais de experiencia laboral

3.- FINALIDADE DO TRATAMENTO

A recollida e tratamento dos Datos Persoais que vostede nos facilita realizarase exclusivamente coa finalidade de que poida participar no proceso de selección de persoal en curso no que vostede participa voluntariamente. Publicación de admisión de candidaturas e publicación de resultados do proceso de selección de persoal.

Os datos serán conservados exclusivamente durante o tempo que dure o presente proceso de selección.

4.- LEXITIMACIÓN

Base Xurídica do tratamento

En cumprimento do establecido polo artigo 13 do Regulamento Europeo de Protección de Datos infórmase que a base xurídica para o presente tratamento é o consentimento que vostede nos facilita coa entrega dos seus datos así como a necesidade de dispoñer deles para poder ter en conta a súa candidatura nos procesos de selección de persoal que se desenvolvan pola Concello de Guntín. Vostede poderá exercer en todo momento o dereito para revogar o consentimento que agora outorga para este tratamento, pero informámoslle que dita revogación supoñerá automaticamente a exclusión da nosa listaxe de candidatos e, en consecuencia, a imposibilidade de que a súa candidatura sexa tomada en conta nos nosos procesos de selección de persoal.

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es



CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES (LUGO)

5.- DESTINATARIOS

No se cederán datos a terceiros, salvo obrigación legal._

6.- DEREITOS

En virtude do disposto nos artigos 15 a 22 do Regulamento Europeo de Protección de Datos, en calquera momento vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, oposición e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, incluídas a elaboración de perfís, dirixíndose por escrito a través do correo ordinario ao Concello de Guntín ou por correo electrónico a concellodeguntin@gmail.com

Igualmente vostede ten dereito a retirar en calquera momento o consentimento prestado previamente para o tratamento dos seus datos persoais. Por último, informámoslle que vostede ten tamén dereito a expor a correspondente reclamación ante a autoridade de control competente en materia de protección de datos, se considera que vulneramos algún dos dereitos que o Regulamento de Protección de Datos ou a súa norma de desenvolvemento recoñécenlle

DECIMO TERCEIRA: DEREITO SUPLETORIO E XURISDICCIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación, estando os órganos competentes da Xurisdición contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes.

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde- Presidente do Concello de., no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro que estime procedente.

Guntín, na data da sinatura electrónica.

DECIMO CUARTA: TEMARIO:

Tema 1: Traballos e funcións a desenvolver (base Primeira)

Tema 2: Materiais, ferramentas, maquinaria etc para a realización dos traballos e funcións a realizar

Tema 3: Rasgos estruturais do termo municipal (termo municipal, poboación, infraestruturas, distribución xeográfica e parroquial, orografía etc.)

Guntín, na data da sinatura electrónica

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es



CONCELLO DE GUNTIN DE PALLARES (LUGO)

O Alcalde,
Jesús Carreira Ferreiro.
Documento asinado electrónicamente.

ANEXO I.- Modelo de instancia (OFICIAL 1ª ALBANEL)

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es



CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES (LUGO)

D. /Dna.con
DNI con domicilio aos efectos de notificación
en

.....nº de
teléfono

Enterado/a da convocatoria realizada polo concello de Guntín para a
contratación laboral de 1 OFICIAL DE 1ª ALBANEL

DECLARO:

1.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno todas as condicións esixidas pola mesmas para participar neste proceso selectivo.

2.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás CC AA ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.

3.- Autorizo ao Concello de Guntín á publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO ser admitido/a para participar no referido procedemento selectivo comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentado a seguinte documentación:

-
-
-
-
-

Guntín, ____ de _____ de

Asdo: _____

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE GUNTÍN

Estrada de Santiago nº 12
27.211 Guntín - Lugo
Telf. 982 320 001 Fax. 982 320 088
concellodeguntin@gmail.com
www.guntin.es